

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández do 31/08/1985

Colección:

Data: 31/08/1985

De:

Manuel Meilán Martínez;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Mercedes, 973 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Destino:

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete. Como anexo o sobre no que vai a carta co membrete de SEMPRE EN GALICIA. AUDICIÓN RADIAL (DF: Mercedes 973 «Radio Carve» / Montevideo)].

Mencionados:

Xesús Canabal;

Notas do editor:

Carta de dúas páxinas. O sobre, co membrete da Audición Radial "Sempre en Galicia" no que se enviou a carta está dixitalizado.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Manuel Meilán Martínez, a Lois Tobío Fernández do 31/08/1985

Montevideo, agosto 31 do 1985

Sr. D.
Luis Tobío:
Madrid

Benquerido amigo.

Unhas liñas para lle dar a tristeira noticia do pasamento do noso común amigo Xesús Canabal ocorrido o xoves 29 dun paro cardíaco namentras durmia. Tiña 88 anos, pero moi ben de físico e de mente. Voltara desa o sábado 24. Fora a recibir a medalla Castelao que lle otorgou a Xunta - Foixenos, xusto cando "Sempre en Galicia" (outra das súas preocupacións) cumpre o día 3 de setembro trinta e cinco anos. Daquel fato de bos e xenerosos somentes sobrevivimos voste e mais eu - No persoal vou "remando" son 81 xa cumpridos en xulio - Alegreime que voste este como eu e, si elo e así, e ten gañas, agradeceríalle un saúdo pra este aniversario que cumprimos sempre recordando aquel 2 de setembro de 1950, cando gravamos a permeira audición

¿Recordas?

Ren mais. [?] Saudos de Chela e meus pr'a sua dona e vosté

Unha forte aperta

Meilán [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.